



ANPA MESTRE VIDE

anpamestrevide5@gmail.com

<https://www.facebook.com/anpamestrevide/>

<https://t.me/anpamestrevide>

Queridas familias:

Ante a publicación por parte da Consellería de Educación, sen ser consultadas as familias e o resto da comunidade educativa, do “Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, e debido á falta de medidas concretas descritas neste Protocolo, a Xunta Directiva da ANPA do CEIP Mestre Vide vémonos na obriga de comunicarvos:

1. *Suspensión, durante a crise sanitaria, da realización das actividades extraescolares que se realizaban no centro.* Non podemos garantir durante a súa realización as condicións necesarias de prevención e seguridade ante o contaxio por COVID-19. Como ben sabedes non é viable organizar as actividades configurando “grupos estables de convivencia” que coincidan cos “grupos burbulla” das aulas ordinarias. Mesturar rapaces de idades diferentes non respecta estes “grupos seguros” e incrementa a posibilidade de contaxio e suspensión das clases. Consideramos que dito protocolo, non garante a posta en marcha dos servizos con seguridade para os usuarios, e responsabiliza directamente ás persoas organizadoras ou xestoras. Posto que a conciliación é o noso principal obxectivo, estaremos atentas á evolución da crise sanitaria e das novidades que se produzan para que, cando sexa posible, a ANPA poida normalizar as súas actividades.
2. Suspensión do pago de cotas de socios/as ata que a ANPA poida normalizar as súas actividades. Aínda que este curso non se pase a cota de afiliación, animámosvos a formalizar a inscrición porque a forza da nosa Asociación reside nos seus asociados.

Lembramos cales son os pasos a seguir para formalizar a inscrición na ANPA:

- Cubrir a ficha de inscrición que podedes escargar na web do Centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide/>) ou na nosa canle de Telegram (<https://t.me/anpamestrevide>).
- Enviar por correo electrónico (anpamestrevide5@gmail.com) a ficha cuberta e asinda (fotografía ou documento escaneado).

Directiva ANPA Mestre Vide